

O PAPEL DA MULLER NA LITERATURA: PERSONAXES E NARRADORAS

"Conto gallego": escritora e muller

Chegamos ao primeiro texto da serie escrito por unha muller: Rosalía de Castro, nin máis nin menos! Este texto, "Conto gallego", ten un especial interese pola dobre dimensión que presenta respecto da muller: é muller quen escribe e tamén aparece unha muller como personaxe importante da narración, aínda que non chega a ser protagonista.

Hai moita literatura escrita arredor deste conto e de como se reflicte a personalidade da muller viúva:

TAREFAS

- Credes que se pode falar de cousificación? Razoade a resposta.
- Recordade que a **cousificación** consiste en desprover unha persoa das características propias dos seres humanos (sentimentos, pensamentos, actitudes, gustos...) para pasar a trala como un **obxecto** que nin sente nin padece ou que, simplemente, non ten importancia.
 - Comentade estas dúas imaxes:



GIRL-WOMAN-CAR-SUMMER-BRUNETTE-MODEL-1183063-
PXHERE.COM. PXHERE (PUBLIC DOMAIN)



GIRL-WOMAN-CAR-FEMALE-MODEL-YOUNG-1381659-
PXHERE.COM. PXHERE (PUBLIC DOMAIN)

O PAPEL DA MULLER NA LITERATURA: PERSONAXES E NARRADORAS

A gaita gallega: a muller e o gaiteiro

TAREFAS

- Cal é o cometido das mozas que posan a carón dos coches?
 - Están a destacar algunha característica técnica ou mecánica do vehículo?
- É frecuente atopar modelos masculinos para desenvolver esta función? (a cantidade importa!).
- Reflexionade sobre o concepto "muller floreiro" e relacionádeo coas imaxes.
 - Buscade outras imaxes publicitarias que empreguen o mesmo recurso.
- Credes que as mulleres das imaxes están **cousificadas**?
 - Aínda que pareza evidente, explicádeo.
 - Credes que a cousificación tende á igualdade entre os homes e as mulleres? Por que?

Outra lectura que se fai da muller no conto de Rosalía de Castro é a de ser unha persoa independente e empoderada, afastada dos tópicos e dos roles da literatura e da sociedade de finais do século XIX.

TAREFAS

- Cales son eses roles?
 - Aquí vos propoño algúns: ama de casa, submisiva, dependente, cariñosa, atenta, respectuosa, non emancipada, recatada...
- Cres que a muller que reflicte Rosalía no seu conto responde a este perfil?
- Cres que hai un punto de esaxeración na situación que se describe?
- A actitude dos homes pasa dunha maneira **neutra**, pero credes que é así?
- Imaxinemos que foran dúas mulleres as que fan a aposta, a historia tería a mesma lectura?

O PAPEL DA MULLER NA LITERATURA: PERSONAXES E NARRADORAS

A gaita gallega: a muller e o gaiteiro

Dentro da muller escritora é moi interesante falar da dedicatoria que a propia Rosalía fai en *Cantares gallegos* a Fernán Caballero.

TAREFAS

- Quen é Fernán Caballero?
 - Buscade información sobre el.
- A que se dedica?
- Por que credes que se fai chamar así?
- Buscade outras persoas que se viran obrigadas a facer o mesmo.

RECURSOS

- [Programa Alalá dedicado aos gaiteiros tradicionais](#)

PARA FINALIZAR

- Lembraide!, responde estas preguntas e reunide materiais interesantes (recortes de xornais, imaxes, webs, vídeos...) que poidades utilizar para materializar o proxecto final que ideastes.
- Redactade un pequeno texto de entre 5 e 10 liñas en que expoñades as vosas conclusións sobre as preguntas que se vos propuxeron.